

el RETRETE de DORIAN GRAY presenta
EN COPRODUCCIÓN CO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO



SALONTEATRO

Coproducción



Diseño gráfico: Alberto Gullán



Dirección, creación e interpretación:
MARCOS PTT CARBALLIDO e EZRA MORENO



Colaboran:



CENTRO DRAMÁTICO GALEGO
temporada 2008-2009

CDG: XXV ANOS

parte de ti

RÚA AIRE

Un proxecto de O Retrete de Dorian Gray
en coprodución co Centro Dramático Galego

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es

www.centrodramatico.org

Comunicación. AGADIC
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)
prensa.agadic@xunta.es

www.agadic.info

Índice

Presentación.....	4
Ficha artística.....	6
O Retrete de Dorian Gray	7
Funcións.....	8
Plan de coproducións do CDG. Temporada 2008-2009.....	9

Presentación



Rúa Aire é a nova proposta escénica para público infantil de *O Retrete de Dorian Gray*, a compañía que integran Marcos PTT Carballido e Ezra Moreno coa finalidade de afondar no mundo do teatro visual, físico e de manipulación de obxectos. O espectáculo, construído integramente mediante a manipulación de globos, constitúe todo un reto para a compañía á hora de desenvolver todas as posibilidades dramáticas desta técnica que eles mesmos inventaron e coa que levan traballando desde 2005.

A proposta escénica baséase na idea do escenario dentro do escenario, isto é, a mesa de manipulación. Construída e deseñada *ex profeso* para este espectáculo, dispón dunha serie de resortes escénicos, luminosos e de tremoia que permiten unha gran axilidade á hora de xerar cambios de luz, ambiente e movementos escenográficos. Deste xeito, os actores-manipuladores manteñen un control absoluto do que pasa na escena, sendo ao tempo titiriteiros e técnicos de luces, son ou espazo.

A obra comeza coa chegada de dous titiriteiros coas súas maletas cheas de máquinas, pequenas pezas escenográficas e globos desinflados. Unha vez establecidos diante da mesa de manipulación, comezan a crear diante do público os primeiros bonecos, inflándoos e moldeándoos á vista con precisión cirúrxica. Os globos comezan a cobrar vida. Un mundo novo nace.

O protagonista de *Rúa Aire* é un personaxe anónimo do que coñecemos toda a súa biografía, desde o berce á tumba: como crece, como se fai sabio, envellece e se despide da súa vida. Nesta viaxe polos momentos máis importantes da súa existencia e dos fitos históricos do seu mundo, pasan ante os ollos dos espectadores todo tipo de monicreques efímeros: animais, vexetais e personaxes que configuran un universo en continuo diálogo co público e cos seus manipuladores.

O resultado é un idioma sen palabras. Proxeccións de sombras, monicreques de mesa, coreografías de mans... Unha aposta pola poética do sinxelo, por unha linguaxe visual limpa.

Ficha artística

Autoría, dirección e interpretación	O Retrete de Dorian Gray (Marcos PTT Carballido e Ezra Moreno)
Coprodución	Centro Dramático Galego
Dirección externa	Jordi Ferrés
Deseño do espazo escénico e da iluminación	Fidel Vázquez
Deseño do espazo sonoro	Pablo Rega
Realización da escenografía	José Viruta e Rafa Barreiro
Realización do vestiario	Cloti Vaello
Produción	Belem Brandido

O Retrete de Dorian Gray



O Retrete de Dorian Gray xorde no ano 2005, froito da unión das traxectorias de Marcos PTT Carballido (Lugo, 1977) e Ezra Moreno (Madrid, 1972), coa finalidade de afondar no mundo do teatro visual, físico e de manipulación de obxectos. Ambos os dous posúen unha sólida carreira en ámbitos como o clown, a maxia, o cabaré, a globoflexia, os monicreques, a interpretación...traballando para compañías como Chévere, Pezrana, Pistacatro, Los Lunnis, Las noticias del Guiñol ou Los Algos, por salientar algunhas.

A súa primeira montaxe foi *Blazek*, coproducida pola Sala Nasa e codirixida por Diego Anido, que foi creada entre Galicia e Cataluña e preestreada no festival D'Gorra! e posteriormente estrearon a peza *Ne Me Quitte Pas* na Festa do Circo. Número curto, de apenas dez minutos, serviu para inaugurar o traballo da compañía no campo da manipulación de globos. .

Funcións

SALA NASA. SANTIAGO DE COMPOSTELA

- > Venres , 24 de abril ás 21.30 horas
- > Sábado, 25 de abril ás 20.00 horas
- > Domingo, 26 de abril ás 20.00 horas
- > Venres , 1 de maio ás 21.30 horas
- > Sábado, 2 de maio ás 20.00 horas
- > Domingo, 3 de maio ás 20.00 horas

As entradas para asistir ás representacións de *Rúa Aire* póñense á venda no despacho de billetes da Sala Nasa 30 minutos antes do comezo de cada actuación. O prezo das localidades é de 9 euros, 7 euros (estudantes e parados/as) e 5 euros (nenos/as) , e de 5 euros o domingo, día do espectador. Tamén poden adquirirse na billeteira electrónica a través da web www.salanasa.es ao prezo de 7 euros.

TEATRO PRADILLO. MADRID

- > Venres ,8 de maio ás 20.30 horas
- > Sábado,9 de maio ás 20.30 horas

FERIA DE ARTISTAS CALLEJEROS DEL HUMOR UMORE AZOKA. BILBAO

- > Venres, 22 de maio
- > Sábado, 23 de maio

Plan de coproducións do CDG. Temporada 2008-2009

Teatro contemporáneo - Estrea

Eco

IVÁN MARCOS EN COPRODUCCIÓN CO CDG

Dirección, creación e interpretación: Iván Marcos

Lugar: Salón Teatro

Funcións: Venres, 17 de abril ás 21.00 horas (función de estrea)

Sábado, 18 de abril ás 20.30 horas

Domingo, 19 de abril ás 18.00 horas

Teatro infantil

Rúa Aire

O RETRETE DE DORIAN GRAY EN COPRODUCCIÓN CO CDG

Dirección, creación e interpretación: Marcos PTT Carballido e Ezra Moreno

Lugar: Sala Nasa

Funcións: Venres, 24 de abril ás 21.30 horas

Sábado, 25 de abril ás 20.00 horas

Domingo, 26 de abril ás 20.00 horas

Venres, 1 de maio ás 21.30 horas

Sábado, 2 de maio ás 20.00 horas

Domingo, 3 de maio ás 20.00 horas

Teatro - Estrea

Delimvois

TEATRO OFICINA (Centro Cultural Vila Flor, Guimarães) EN COPRODUCCIÓN CO CDG

Autoría: Rubén Ruibal

Dirección: Marcos Barbosa

Elenco: Diana Sá, Emílio Gomes e Ivo Bastos

Lugar: Salón Teatro

Funcións: Sábado, 23 de maio ás 21.00 horas (función de estrea)

Domingo, 24 de maio ás 18.00 horas

Teatro

Wake up

NUT TEATRO EN COPRODUCCIÓN CO CDG

Dirección: Carlos Neira

Elenco: Nerea Barros, Xiana Carracelas, Carlos Neira, Iria Sobrado e Arantza Villar

Lugar: Salón Teatro

Funcións: Xoves, 18 de xuño ás 20.30 horas

Venres, 19 de xuño ás 20.30 horas

Sábado, 20 de xuño ás 20.30 horas

Domingo, 21 de xuño ás 18.00 horas